

SEGUIMIENTO/ACREDITACIÓN DE TÍTULOS. CONVOCATORIA 2015. CURSO ANALIZADO: 2014-2015

INFORME DE REVISIÓN TÉCNICA

NOTA: Segundo a DIRECTRIZ XERAL Nº10 PARA O SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE VIGO, A revisión técnica a que se refire o apartado anterior consistirá na comprobación de que o informe de seguimento se axusta á normativa vixente e ás necesidades e requisitos do procedemento establecido pola ACSUG. No caso de se atopar algún incumprimento a Área de Apoio á Docencia e Calidade, remitiralle as consideracións e obxeccións ao centro ou centros para que no prazo que se estableza no calendario realicen as correccións debidas adecuándose ás normas e esixencias solicitadas. Esta revisión técnica fórmulase polo tanto como una axuda complementaria para respectar o procedemento establecido, sen prexuízo da valoración do informe no posterior proceso de avaliación.

DATA: 02/12/2015

DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Mestrado Universitario en Avogacía
CENTRO/S RESPONSABLE/S	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (FCXT) Facultade de Dereito (FD)
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo Facultade de Dereito

Aspectos do documentación asociada ao Programa de Acreditación que se poden mellorar

1. Evidencias

Tras visualizar a información dispoñible na aplicación informática dos programas de calidade, detéctase o seguinte:

Recoméndase revisar o documento, posto que incorpora evidencias que están repetidas hasta 3 veces, en algún caso con información diferente en algunha delas.

- Portada:
 - Incluir a data de aprobación do informe nos centros.
 - O centro responsable da titulación aparece como *Facultade de Dereito* no documento de evidencias desta facultade e como *Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (para as aulas de Vigo e Pontevedra) e Facultade de Dereito (Ourense)*. Deberíase harmonizar isto.
 - Harmonizar os centros nos que se imparte a titulación (no informe de autoavaliación aparecen 3, ao igual que no documento de evidencias da FCXT e 2 no da FD).
- E2: No se inclúe os informe final de seguimento do curso 2012/13 (FCXT).
- E9: Recoméndase analizar se existen normativas dos centros que pode ser de aplicación para a titulación. De ser así, deberían incluírse as ligazóns (FD e FCXT).
- E10: Deben incluírse os horarios de todos os cursos académicos (FCXT), non so do 2015/16. Esta evidencia está repetida na FCXT.
- Lémbrese que E12-E19 informes públicos sobre os resultados da titulación fan referencia ao Informe de Revisión pola Dirección que centraliza a análise de resultados de tódalas titulacións do centro e que está prevista a súa aprobación para as próximas semanas.
- A Evidencia E19 “Plans de formación do persoal de apoio” aínda non recolle a información enviada vía e-mail, nun arquivo excel, ao centro (FCXT e FD).

- E23-E16: Non está dispoñible información dos convenios en vigor (FD).
- E28-E18: “Informes de cualificacións das materias/asignaturas”: non están dispoñibles os informe de cualificación (todos os cursos da FD e 2012/13 da FCXT) nin as taxas por materia. Estes informes están dispoñibles no SID, con acceso a través da secretaría virtual.
- E30: Recoméndase incluír as actas da comisión de coordinación do mestrado.
- Non se inclúe no documento a evidencia ligada ás modificacións non substanciais da titulación (FCXT).

2. Informe de Autoavaliación da Acreditación

Podería mellorarse o contido do autoinforme tendo en conta os seguintes aspectos:

- Na portada do informe non está incluída a información seguinte:
 - Resultado do proceso de autoavaliación
 - Data de aprobación nos centros

Ademais, a data de implantación da titulación debe corrixirse (aparece como 2015/16).

- 1.1: Para xustificar a vixencia do interese da titulación, deberían incluírse e analizarse todos os datos históricos da evolución da oferta e da demanda facer referencia, en todo caso, aos apartados do informe onde se tratan.
- 1.2 En complemento dos comentarios respecto ao proceso de revisión das guías docentes, podería facerse referencia ao análise en termos de resultados de aprendizaxe froito das melloras introducidas na aplicación das guías docentes.

Recoméndase incluír os datos históricos dispoñibles de satisfacción, para así facer unha análise histórica máis ampla e completa.

- 1.3: Recoméndase facer referencia aos resultados históricos das enquisas das titulacións respecto da satisfacción coa adquisición das competencias e da planificación e desenvolvemento da ensinanza, para valorar a súa evolución.

Recoméndase incluír datos relacionados cos resultados da EAD neste ámbito, e analizar a súa evolución histórica.

Recoméndase facer referencia aos procedementos do sistema de calidade ou aos rexistros que están ligados a cada un dos apartados do informe. Ex.: Informes de coordinación.

- 1.4 Non se achegan datos históricos que permitan analizar as vías de acceso do estudantado. De forma complementaria, deberían incluírse datos e análises respecto da evolución histórica das notas de acceso á titulación.

Ademais, podería ligarse esta información cos resultados das actividades de promoción da titulación ou do centro. Neste caso, recoméndase facer referencia ao procedemento correspondente.

Non hai referencias á existencia, puntual ou continua, de ser o caso, de complementos formativos.

Recoméndase facer referencia aos procedementos do sistema de calidade ou aos rexistros que están ligados a este apartado do informe (ex.: Selección-admisión, Promoción, Orientación ao estudiantado...).

Recoméndase incluír datos históricos das enquisas das titulacións en relación á satisfacción co procesos de selección e admisión.

O gráfico de indicadores que se incorpora non é lexible. Recoméndase mellorar isto.

1.5 En xeral, deberíase valorar o impacto da aplicación das normativas nos resultados da titulación.

Recoméndase revisar se a identificación dos puntos febles garda coherencia coas análises realizadas en cada apartado. Ex.: o punto nº 2 en relación coas prácticas (no apartado correspondente non se precisa cal é a problemática concreta).

- 2.1 Debería completarse este apartado con información máis precisa sobre a xestión da páxina web da titulación e de como se actualizan os contidos. Recoméndase facer referencia os procedemento de información pública do sistema de calidade e á aplicación do rexistro Plan Operativo de Información Pública.

Pode facerse referencia aos resultados das enquisas das titulacións relacionadas coa información pública.

Tamén se podería facer referencia a outros mecanismos de participación, información pública e rendemento de contas como poden ser a comisión de calidade, a xunta de centro. aos rexistros que están ligados a cada un dos apartados do informe. Ex.: procedementos de promoción das titulacións, orientación....

Recoméndase comentar se o acceso á información pública se realiza a través doutros medios que non sexan a web (ex.: redes sociais).

Tamén se recomenda facer unha valoración (cos datos ou opinións dos grupos de interese que se dispoñan) respecto da facilidade de acceso á información da titulación.

En todo caso, recoméndase potenciar a descrición do traballo de adaptación e mellora na páxina web da titulación e dos centros levado a cabo desde a súa implantación, o que permitiu chegar ás actuais moi melloradas.

- Recoméndase destacar, ao comezo deste epígrafe, que os centros onde se imparte a titulación dispoñen dun certificado de implantación de sistema de garantía de calidade, así como a súa vixencia.

Ex. (datos válidos para a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).

A titulación impártese nun centro que posúe, desde o 03/06/2015, un Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade de acordo coas directrices do Programa FIDES-AUDIT (ACSUG).

(Certificado nº 02/15 con validez ata o 03/06/2021).

A estrutura de contidos deste apartado non segue unha orde lóxica: primeiro aparece a numeración 3.1 ata 3.4. e logo volve a comezar 3.1.1, 3.1.2... Recoméndase reordenar esta estrutura para que sexa máis comprensible.

En xeral, recoméndase reordenar os contidos pois faise referencia aos mesmos aspectos en apartados diferentes. Ademais, recoméndase que os contidos relacionados con cada centro que sexan similares vaian coordinados. Seguindo a estrutura do encabezamento da epígrafe, podería ordenarse do xeito seguinte:

3.1 Recoméndase facer referencia aos procedementos e aos rexistros do sistema que permiten recoller a información e analizala para a mellora da titulación, así como o seu estado de implantación. Poderíase mencionar a aplicación ou do novo sistema de QSP (queixas, suxestións e parabéns) da Universidade de Vigo.

3.2 Deberían comentarse os procedementos e rexistros que permiten identificar melloras para a titulación (procedemento de deseño da titulación, de seguimento e mellora...rexistros como os informes de coordinación, informes de seguimento...). Por outra parte, deberían comentarse os aspectos que historicamente se foron mellorando froito dos informes de avaliación de verificación, seguimento...

3.3 Recoméndase facer referencia ao proceso de análise e evolución do sistema de calidade no centro, ás melloras que se realizaron no seu deseño e ás novas versións do Manual de Calidade e dos procedementos modificados estes anos.

Hai aspectos que non deberían considerarse puntos febles posto que a súa resolución é unha cuestión de procedemento (ex.: estrutura da comisión de calidade do centro).

- 4.1- Non se achegan datos que permitan contrastar e analizar a evolución histórica do profesorado da titulación, tendo como referencia a memoria de verificación. Ademais, recoméndase facer unha valoración sobre isto. O mesmo sucede co PAS (4.2)

Recoméndase incluír datos relacionados cos resultados da EAD neste ámbito, e analizar a súa evolución histórica.

- 5.1 Recoméndase facer referencia aos procedementos de calidade que xestionan os aspectos que se mencionan.

Malia que se mencionan os resultados de satisfacción do profesorado e do estudiantado cos recursos e servizos da titulación, deberían incluírse datos de evolución históricos, e non so do último curso.

Tampouco se mencionan os resultados de avaliación docente en relación con isto.

Non se valora a adecuación das instalacións para as prácticas externas.

- 6.1 Non se fai referencia explícita aos mecanismos para analizar os resultados de aprendizaxe, e como estes influíron na mellora do plan de estudos da titulación.

Os resultados de aprendizaxe deberían ser máis completos, incluíndo os datos históricos de evolución desde que se implantou a titulación, así como a súa análise. Recoméndase incluír esta información no apartado 7.1.

- 7.1 Indicadores de demanda: completar os datos de matrícula (ex.: curso 2012/13).

Pode observarse no detalle histórico que se comenta que os datos de matrícula son, en xeral, inferiores á oferta, aínda que en progresión positiva. Conviría analizar se esta situación require de accións de mellora, tendo ademais que a taxa de preferencia (preinscrición) supera o 100%.

É necesario completar os datos históricos das taxas académicas e ampliar a súa análise. Non existen referencias, p.ex., á taxa de graduación ou á de abandono. Estes indicadores, deberían compararse co establecido na memoria de verificación da titulación, se é o caso.

En complemento do punto anterior, podería incluírse unha táboa de datos por materia.

Podería completarse isto con análises comparativas doutras titulacións da rama de coñecemento ou do ámbito, a nivel galego ou mesmo nacional, se é posible.

- 7.2 Non se achegan os resultados históricos dos indicadores de satisfacción, así como a súa análise.

Podería facerse referencia aos procedementos do sistema de calidade relacionados coa análise da satisfacción.

- 7.3 Poderíase facer referencia aos estudos de inserción laboral da ACSUG e á información dispoñible sobre isto no portal de transparencia da Universidade.

3. Modificacións da Titulación

4. Plano de melloras

Analizado o plano de mellora, detéctanse os seguintes aspectos susceptibles de mellora:

- Algunhas accións de mellora do programa de *renovación da acreditación* do Mestrado en Avogacía que están descritas con información non coincidente en función no plan de cada centro. Ex.: acción nº 2015MAT(06) (FD) cuxa equivalente é a 2015MAT03 (FCXT) Recoméndase revisar as accións ligadas á titulación están harmonizadas.
- A maioría das accións da titulación relacionadas coa renovación da acreditación da titulación establecidas no 2015/16 teñen data de realización o 31/07/2016. Recoméndase revisar se isto é axeitado, posto que as accións poden ir pechándose en diferentes momentos do ano, en función das súas características.

Para estas accións, recoméndase completar quen é o/a responsable de seguimento e a data para realizalo.

- Recoméndase revisar se as accións derivadas de plans de mellora anteriores ás establecidas no 2014/15 (tanto do informe final de verificación como dos informes de seguimento) xa están pechadas. No caso contrario, o seu Seguimento débese reflectir neste documento.
- En algún caso non se especifica o curso de formulación da acción de mellora. Ex.: MAT(20) da FCXT.
- Non se achegan as accións ligadas ao programas *Sistema de Garantía* (acción dos plans de mellora do centro). A maiores, a FCXT non achega as accións ligadas ao programa de *Certificación* do centro.

Lémbrese que estas accións deben incorporar, no campo criterio, a directriz do programa FIDES-AUDIT (SGIC) que corresponda, de igual xeito que as de certificación do sistema de calidade.